

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que D.^a María Pilar Rodríguez Sepúlveda presentou con data de 13 de xullo de 2023 (R. Entrada núm. 202399900002060) a correspondente solicitude de 2 (dous) nichos no cemiterio municipal.

Considerando que a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, atópase correcta, procedendo realizar a proposta de adxudicación a favor da interesada, de conformidade co previsto na cláusula 20 do prego de condicións.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPONSE** como adxudicataria de 2 nichos do cemiterio municipal a D.^a María Pilar Rodríguez Sepúlveda, con DNI núm. ***3412**, de acordo co solicitado con data de 13 de xullo de 2023 (rex. entrada n 202399900002060), ascendendo a tarifa a abonar a 2.500,00 €.

O aboamento das tarifas e a presentación no Rexistro xeral do concello do xustificante correspondente, deberá ter lugar no prazo **de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente.**

No caso de que a interesada non realice o citado abono (ou non presente o xustificante) no prazo indicado, non se poderá efectuar a adxudicación ao seu favor.

O aboamento da tarifa realizarase na conta que o concello ten en ABANCA (ES1920800318193110000099), de acordo coa liquidación que se achega xunto coa presente proposta.

No xustificante de aboamento deberá facerse constar o concepto polo que se paga “CONCESIÓN DE NICHOS E PANTEÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE TEO” e o nome e apelidos da proposta como adxudicataria.

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, 12 de xullo de 2023

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz